REUNIÓN DA COMISIÓN 6.ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Día: 16.03.2017 Hora: 16:00

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 16 de marzo de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Proposicións non de lei en Comisión

1.1 3091 (10/PNC-000303)
Grupo Parlamentario de En Marea
Merlo Lorenzo, Juan José e Casal Vidal, Francisco
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego das medidas necesarias para fomentar e protexer a competitividade do comercio de proximidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 48, do 19.01.2017

1.2 4310 (10/PNC-000402)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a modificación do artigo 16.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 62, do 08.02.2017

1.3 4674 (10/PNC-000445)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego par evitar ou limitar os cortes de longa duración no servizo de subministración de enerxía eléctrica que se veñen producindo cando hai temporal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

1.4 4760 (10/PNC-000461)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis
Sobre a creación dunha comisión parlamentaria non permanente de estudo para abordar a problemática que supón para o tecido produtivo e o mercado laboral de Galicia a dinámica de deslocalización da industria auxiliar da automoción e presentar unha proposta sobre as liñas de actuación necesarias, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

1.5 4916 (10/PNC-000477)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

PARLAMENTO DE GALICIA

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o asinamento dun convenio pola Consellería de Economía, Emprego e Industria con Gas Natural Fenosa e o Concello de Pontevedra para o financiamento das obras correspondentes ás instalacións eléctricas pendentes de soterramento da liña de alta tensión de Monte Porreiro

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017

1.6 5470 (10/PNC-000523)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre a demanda polo Goberno á empresa Telefónica-Movistar da habilitación dos sistemas técnicos necesarios para posibilitarlle a toda a cidadanía residente no concello de Baralla a conexión telefónica e o acceso a Internet

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017

1.7 5637 (10/PNC-000540)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 8 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego das actuacións precisas para dotar de servizos de banda larga ultrarrápida aquelas empresas illadas, asentadas no medio rural, que se atopen en situación de desigualdade dixital fronte ás situadas en zonas máis urbanas

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 6.ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Vicepresidenta

Sandra Vázquez Domínguez	P

Secretaria

Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Juan José Merlo Lorenzo	EM
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 16.03.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 16.03.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.1 3091(10/PNC-000303)

Grupo Parlamentario de En Marea

Merlo Lorenzo, Juan José e Casal Vidal, Francisco

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego das medidas necesarias para fomentar e protexer a competitividade do comercio de proximidade

Publicación da iniciativa, 48, 19.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2017 10:23
Nº Rexistro: 3091
Data envio: 10/01/2017 10:23:03.754

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Juan José Merlo Lorenzo** e **Francisco Casal Vidal** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.ª.**

Exposición de motivos.

O comercio de proximidade é un valor para potenciar e recuperar en moitas zonas polo seu indubidable valor estratéxico, desde o punto de vista económico e social, tanto no rural como nos barrios das urbes.

O protexer e fomentar o devandito modelo de comercio como motor económico e social, e como plataforma de promoción dos produtos locais, supón unha aposta de futuro que cremos non se pode desatender nun momento como o actual.

As apostas ata o de agora non foron suficientes, así, no 2014, apostouse polo comercio de proximidade coa campaña "Mais Que Comercio!", campaña coa que se buscou incidir no impulso ao emprendemento no tecido comercial e complementar as iniciativas fomentadas na nova Lei de emprendemento e da competitividade de Galicia, ou coa concesión das subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro de ámbito superior ao municipal ou federacións para a revitalización do comercio de proximidade e a incentivación do consumo, a través do ticket de dinamización comercial.

Son moitas as dificultades afrontadas por estes pequenos negocios, os índices de peche dos mesmos nos últimos anos e a dificultade engadida pola relaxación nos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2017 10:23
Nº Rexistro: 3091
Data envio: 10/01/2017 10:23:03.754

horarios de apertura comercial, déixaos nunha posición de desvantaxe competitiva fronte ás grandes superficies.

O comercio de proximidade é un tema dunha enorme transversalidade pola súa implicación directa no emprego, na recuperación dos núcleos rurais e na defensa e promoción dos sectores produtivos primarios. É, tamén, unha aposta por un modelo máis sustentable, racional e cun menor impacto ambiental.

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a acometer as medidas necesarias para fomentar e protexer, dunha forma eficaz e duradeira, a competitividade do comercio de proximidade, de modo que sexan, non só canles da comercialización dos produtos locais e do país, senón tamén, beneficiarios das iniciativas que se desenvolvan neste sentido.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Juan José Merlo Lorenzo na data 10/01/2017 10:21:09

Francisco Casal Vidal na data 10/01/2017 10:21:19

Luis Villares Naveira na data 10/01/2017 10:21:31

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 16.03.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.2 4310(10/PNC-000402)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a modificación do artigo 16.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico

Publicación da iniciativa, 62, 08.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 13:03
Nº Rexistro: 4310
Data envio: 31/01/2017 13:03:41.294

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores**, **Noa Presas Bergantiños** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa ao incremento da factura de luz dos galegos e galegas por obrigar o goberno central a cargar o canon eólico e ás actuacións que ten pensado impulsar o goberno galego.

A Lei do sector eléctrico en vigor dende 1997 abría a porta a encarecer a tarifa nunha autonomía ou concello no caso de contar con tributos sobre o sector. Esta posibilidade converteuse en imposición coa nova Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, que contemplaba no punto 4 do artigo 16 que "en caso de que as actividades ou instalacións destinadas ao subministro eléctrico foran gravadas, directa ou indirectamente, con tributos propios das CCAA ou recargas sobre os tributos estatais, á peaxe de acceso poderá engadírselle un suplemento territorial que cubrirá a totalidade do sobrecusto provocado por ese tributo ou recargo e que deberá ser abonado polos consumidores localizados no ámbito territorial da respectiva comunidade autónoma".

O BNG, na emenda á totalidade a este proxecto de lei do sector eléctrico xa alertaba desta cuestión, sinalando que "é un Proxecto de Lei claramente centralista que non contempla as diferentes achegas ao sistema eléctrico desde o ámbito territorial e que impide a comunidades autónomas excedentarias como a galega o desenvolvemento dunha política enerxética propia." E recalcábamos que abríase a porta "a que as Comunidades Autónomas con impostos propios á actividade de subministro eléctrico,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 13:03
Nº Rexistro: 4310
Data envio: 31/01/2017 13:03:41.294

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como en Galiza, paguen un suplemento territorial; esta medida discrimina negativamente ás Comunidades que soportan as instalacións de xeración, o que implica que as comunidades que teñen que soportar os custos sociais e medioambientais da xeración eléctrica, no canto de verse recompensadas, vense prexudicadas dobremente".

Estes suplementos territoriais non entraron en vigor coa implantación da lei, polo que Gas Natural Fenosa recorreu ante o Supremo, que ven de darlle a razón, o que implica a incorporación inmediata destes suplementos.

Polo tanto, trátase dunha clara discriminación dos consumidores galegos, que non so teñen que ver como non obteñen ningún beneficio por vivir nun territorio excedentario na produción eléctrica, senón que se ven penalizados por ese feito. Ademais, este "suplemento" pon de manifesto a falacia de que existe unha tarifa unificada para todo o Estado. As galegas e galegos pagaremos máis que os territorios que non producen electricidade. Dende o BNG cremos que que debe existir un prezo da electricidade asociado á situación de territorio excedentario ou deficitario, de cara a que, no caso de tratarse dun territorio excedentario, repercuta positivamente na economía dese territorio e asuma así algún beneficio en compensación das externalidades negativas que produce o sector eléctrico.

O canon que a Xunta cobra á eólica estímase que no 2017 terá unha recadación de 22,9 millóns de euros. Segundo as cifras que manexa a CNMC sobre o número de clientes do servizo eléctrico que hai na comunidade, ao redor de 1,7 millóns, supón que a cada un dos consumidores galegos tocaríalle abonar case 13 euros anuais de media. En Galiza existe tamén o canon hidráulico e a ecotaxa, que pagan as empresas eléctricas á Xunta, e que, teoricamente, tamén poderían sumarse a ese hipotético suplemento territorial a pagar polos galegos/as.

Para rematar, cómpre sinalar como a aplicación destes suplementos nos amosa o errado do modelo eólico deseñado pola Xunta de Galiza de Feijóo, xa que o canon

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 13:03
Nº Rexistro: 4310
Data envio: 31/01/2017 13:03:41.294

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

eólico é un tributo que penaliza a enerxía eólica, o que supuxo no momento da súa implantación un claro paradoxo, ao existir tamén axudas á produción en forma de primas ou tarifas reguladas. Non se pode "primar", e dicir, incentiva, e ao mesmo tempo "gravar", isto é, "desincentivar" a mesma actividade económica. Polo tanto, a xunta renunciou á participación pública do Goberno Galego nos proxectos eólicos e a cambio impulsou un canon que vai ter que ser pagado polos consumidores, o cal trátase doutro claro exemplo do fracaso da política eólica de Feijóo.

Por todo isto, formúlase a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a demandar do estado a modificación do punto 4 do artigo 16 da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, de xeito que o feito de un territorio ser produtor de enerxía repercuta positivamente nos consumidores dese territorio en forma dun menor recibo da luz, no canto de que, como sucede na actualidade, vaia a significar un maior custo."

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 13:03
Nº Rexistro: 4310
Data envio: 31/01/2017 13:03:41.294

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/01/2017 13:01:45

Olalla Rodil Fernández na data 31/01/2017 13:02:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/01/2017 13:02:37

María Montserrat Prado Cores na data 31/01/2017 13:02:41

Xosé Luis Bará Torres na data 31/01/2017 13:02:45

Ana Pontón Mondelo na data 31/01/2017 13:02:49

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 16.03.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.3 4674(10/PNC-000445)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego par evitar ou limitar os cortes de longa duración no servizo de subministración de enerxía eléctrica que se veñen producindo cando hai temporal

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4674
Data envio: 07/02/2017 14:24:17.525

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á **MESA DO PARLAMENTO**

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei,** para o seu debate en **Comisión, relativa ás accións que a Xunta de Galicia ten que poñer en marcha para evitar ou limitar os cortes de longa duración producidos no servicio de distribución eléctrica cada vez que se produce un temporal.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado xoves 2 de febreiro produciuse en Galicia un temporal de intensidade media que estaba previsto nas predicións meteorolóxicas.

Como consecuencia do mesmo moitas instalacións de distribución eléctrica, ao longo do país, sufriron incidencias que deixaron sen servizo a máis de 50.000 persoas durante longos períodos de tempo, nalgúns casos de mais de 5 días. Estes inxustificados cortes de longa duración provocan innumerables é cuantiosos prexuízos persoais e económicos á cidadanía, agravados polo feito de que ademais soen implicar a caída da rede de telefonía.

A responsable do monopolio natural da distribución en Galicia, e de maneira case única, a compañía Gas Natural Fenosa Distribución, que percibe ao ano o importe que polo servizo de distribución se carga nos recibos de todos os abonados e abonadas. No último exercicio Fenosa ingresou por este concepto 715 M€ unha cantidade importantísima e que debería garantir un servizo de máxima calidade e seguridade.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4674
Data envio: 07/02/2017 14:24:17.525

Este importe desglósase nas seguintes partidas: 429 M€ para inversións na actualización e mellora das instalacións; 160 M€ para operación e mantemento e 126 M€ para outras tarefas (lectura de contadores, facturación, atención telefónica, planificación e custes de estrutura).

Trátase de trasladar á cidadanía que os cortes de luz son consecuencia normal do mal tempo; un mal tempo previsto con antelación. Pero isto non é así, e debese, segundo o noso criterio, aos seguintes factores:

-Falta de desenvolvemento e planificación dunha rede máis segura e redundante e de inversións suficientes para facelo posible, sobre todo no medio rural.

-Ausencia total de mantemento preventivo da rede e das servidumes de paso das liñas.

-Subcontratación dos traballos de reparación de avarías a compañías con insuficientes medios técnicos e persoais e escaso coñecemento das instalacións e das zonas onde deben actuar.
A ausencia de persoal propio da compañía de maneira estable, en todas as comarcas, fai que en caso de avarías ou incidencias as compañías subcontratadas tarden moito en intervir e non teñan boa información das incidencias máis salientables para priorizalas. Desta maneira os responsables públicos locais e os cidadáns non teñen a ninguén de referencia para poder trasladar reclamacións e información sobre situacións críticas, tendo como único contacto un teléfono de atención xeral que en situacións como a que acaba de acontecer adoita estar saturado e tárdanse varios días en recibir contestación ás reclamacións.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4674
Data envio: 07/02/2017 14:24:17.525

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que intervir de maneira urxente para implementar as medidas que solucionen ou palíen as consecuencias dos temporais na rede eléctrica.

A este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Solicitar un informe anual desagregado dos investimentos a realizar na rede de distribución eléctrica en Galicia por parte de Gas Natural Fenosa Distribución con tempo suficiente para poder facer alegación e propostas de mellora.

2.- Solicitar un informe anual desagregado do orzamento anual de Gas Natural Fenosa Distribución para o mantemento da rede en Galicia con tempo suficiente para poder facer alegacións e propostas de mellora.

3.- Implantar, en coordinación coa compañía distribuidora, un procedemento extandar de reclamación sinxelo e accesible para toda a cidadanía que garanta o pago áxil, xusto e rápido das indemnizacións que correspondan en caso de cortes prolongados.

4.- Exixir á compañía distribuidora a ter persoal propio estable en cada comarca responsable da supervisión da rede. Desta maneira os responsables públicos locais e os cidadáns terían persoas de referencia para poder trasladar reclamacións e información sobre situacións críticas e non ter que comunicarse de maneira desesperante cun robot de atención o cliente.

5.- Implantar un servizo de atención ao usuario (dentro dos 126 M€ que a compañía cobra ao ano por atención), que achegue información on-line por comarcas, concellos, parroquias é lugares indicando o estado e a previsión de reposición. Isto é común en moitos países onde teñen situacións de temporal. Este servizo on-line via whats-up, mensaxes, ou app para móbiles axudaría moito

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4674
Data envio: 07/02/2017 14:24:17.525

GRUPO PARLAMENTAR en marea

descargando ao telefono de atención e aportaría certidume aos cidadáns para poder tomar medidas paliativas a tempo.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal — Deputado do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira — Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 07/02/2017 14:23:23

Luis Villares Naveira na data 07/02/2017 14:23:32

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 16.03.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.4 4760(10/PNC-000461)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre a creación dunha comisión parlamentaria non permanente de estudo para abordar a problemática que supón para o tecido produtivo e o mercado laboral de Galicia a dinámica de deslocalización da industria auxiliar da automoción e presentar unha proposta sobre as liñas de actuación necesarias, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4760
Data envio: 08/02/2017 16:23:10.559

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados e deputado-portavoz **Abel Losada Alvarez, José Manuel Pérez Seco e Xoaquín Fernández Leiceaga**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

O sector do automóbil é extremadamente relevante en Galicia, e en concreto no sur da provincia de Pontevedra. Con preto de 19.000 empregos directos (un 12 % do sector industrial) e máis de 8.000 millóns de euros en ventas; ademais dunha notable capacidade exportadora.

Ao redor da factoría de PSA-Citroen en Vigo, que segue sendo o motor e referencia, artellouse un sector de compoñentes, que contribúe con ao redor do 75 % ao valor final do automóbil, nos seus diferentes niveis (de TIER 1 a TIER 3). Con empresas moi ben posicionadas no mercado, entre elas algunhas galegas xa convertidas en multinacionais.

Agrupadas nun clúster propio, Ceaga, con cuantiosas axudas públicas. Mais alá do aproveitamento propagandístico, e como non podería ser de outra maneira, a Xunta de Galicia está pendente da súa evolución e procura colaborar nas súas necesidades, pero resulta evidente que non chega.

A Xunta de Galicia debería estar máis preocupada e máis activa, na nosa opinión. Os investimentos na industria auxiliar prodúcense ao tempo do lanzamento da produción de novos vehículos na factoría final. Está previsto que chegue a furgoneta K-9 no 2018 e o todo camiño V 20 despois.

O propio presidente do Clúster recoñece que, por vez primeira, un lanzamento non atrae novos provedores. Que todas as decisións de novos investimentos están tendo como destino o norte de Portugal (ou, en todo caso, Marrocos). En 2015 investíronse 115 millóns en Galicia na industria auxiliar, e entre tres e catro veces máis en Portugal (que suporían por riba de 1.200 empregos adicionais).

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4760
Data envio: 08/02/2017 16:23:10.559

As empresas situadas ao redor de Vigo están abrindo novos proxectos ou reforzando os existentes en Portugal. Ata o propio presidente de Ceaga chama a ver Portugal como unha oportunidade. Nos insistimos, nos últimos cinco anos perdemos 2.000 empregos e Portugal gañou 6.000, e xa nos pasa en volume facturado.

É verdade que a competencia no sector do automóbil é cada vez mais dura e en moitos segmentos moi dependente dos prezos. A redución de custes asociada a deslocalización reforza a fábrica final. E a creación do mercado interior europeo fainos competir con Portugal ou o leste de Europa; e a globalización, con Marrocos, México ou a India.

Non podemos aspirar a reter as partes da produción mais intensivas en traballo pouco cualificado, non queremos competir nese mercado; pero tampouco debemos asistir pasivamente como país a unha rápida deslocalización da industria auxiliar, sen tomar unha acción decidida que permita equilibrar a apertura de novas unidades de produción.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego:

a) Manifesta a súa vontade de:

Crear no Parlamento de Galicia unha Comisión non permanente de Estudo que aborde a problemática que supón para o tecido produtivo e o mercado laboral de Galicia a dinámica de deslocalización da industria auxiliar da automoción, e que presente nun prazo de seis meses unha proposta sobre as liñas de acción necesaria.

b) Insta a Xunta de Galicia:

Por en marcha unha revisión en profundidade do Plan estratéxico da automoción, en colaboración con Ceaga, que revise as circunstancias vinculadas as novas dinámicas que afectan ao sector, e formule actuacións nos seguintes ámbitos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4760
Data envio: 08/02/2017 16:23:10.559

1. Incrementar as dotacións nos diferentes Programa de incentivos autorizados, tanto a empresas como a centros de investigación e innovación, revisando as condicións de concesión e vinculándoas as garantías de estabilidade das empresas, e impedindo a súa utilización para favorecer a marcha das empresas fora de Galicia.
2. Impulsar acordos entre as empresas auxiliares da automoción e os sindicatos sobre salarios e condicións laborais.
3. Desenvolver un programa, específico para o sur da provincia de Pontevedra, para facilitar a dispoñibilidade de solo empresarial en condicións de custe e conectividade competitivos co entorno.
4. Estudar a posibilidade de denunciar a Portugal diante da Unión Europea por axudas estatais non autorizadas se a análise urxente das evidencias indica que incumpre o artigo 107 UE, por ofrecer solo industrial gratuíto (uso de recursos públicos que dan unha vantaxe económica selectiva, con distorsión da competencia e do comercio).
5. Desenvolver un programa de fomento do I+D+i empresarial.
6. Desenvolver plans de formación para ocupados do sector que permitan mellorar as capacidades dos traballadores, e polo tanto a capacidade competitiva do sector.
7. Desenvolver plans de formación para desempregados que permitan a existencia de bolsas de traballadores coa formación axeitada para o sector.
8. Desenvolver plans específicos de FP-Dual que permita vincular a formación recibida polos alumnos as necesidades formativas do sector da automoción.

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado - portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4760
Data envio: 08/02/2017 16:23:10.559

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/02/2017 16:21:18

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/02/2017 16:21:26

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/02/2017 16:21:33

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 16.03.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.5 4916(10/PNC-000477)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o asinamento dun convenio pola Consellería de Economía, Emprego e Industria con Gas Natural Fenosa e o Concello de Pontevedra para o financiamento das obras correspondentes ás instalacións eléctricas pendentes de soterramento da liña de alta tensión de Monte Porreiro

Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 11:32
Nº Rexistro: 4916
Data envio: 13/02/2017 11:32:45.642

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

O 11 de decembro de 2007 asinouse un convenio de colaboración entre a Consellaría de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, o Concello de Pontevedra e a empresa Unión Fenosa Distribución, SA para o soterramento da Liña de Alta Tensión en Monte Porreiro-Pontevedra, cun orzamento total de 1.764.298,31 euros, dos que 649.953,40 € correspondían á obra civil a executar polo Concello, e 1.114.344,91 € á instalación eléctrica, comprometéndose a Xunta de Galicia á achega do 40€ e a empresa Unión Fenosa Distribución SA ao 60%.

A vixencia do referido convenio estendíase desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2009, prevéndose expresamente que toda alteración das condicións poderían dar lugar á modificación do convenio.

Ante as dificultades orográficas, técnicas e medioambientais xurdidas na zona próxima ao río Lérez, o Concello optou por sacar a concurso un primeiro treito do soterramento, para o que se acorda pola Xunta de Goberno local do 5-10-2009 a aprobación do correspondente expediente de contratación, con un orzamento total de 568.881,66 €. O contrato foi adxudicado por valor de 465.914,08€.

Tendo en conta os condicionamentos na tramitación do proxecto, o 10 de outubro de 2010 a alcaldía comunicoulle por escrito á consellaría a disposición do

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 11:32
Nº Rexistro: 4916
Data envio: 13/02/2017 11:32:45.642

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Concello a negociar unha modificación dos prazos e compromisos no seu día pactados, co obxecto de completar a obra executada e rematar as actuacións previstas no convenio.

Este escrito municipal non tivo resposta por parte da consellaría, o que deu lugar a unha serie de acusacións públicas por unha e outra parte en relación coa responsabilidade no incumprimento do convenio. O 13-3-2011, a Consellaría asinou publicamente coa empresa Unión Fenosa na Casa de Cultura de Monte Porreiro –sen que o concello de Pontevedra tivese coñecemento nin fose invitado- un protocolo "para desbloquear a situación de retraso herdada logo da caducidade do convenio asinado". Segundo fixo público a consellaría, o acordo implicaba "un investimento de 1,1 millóns de euros para que a obra estivese rematada nos primeiros meses de 2012". Pola súa parte, a empresa comprometíase a "levar a cabo todos os trámites para a obtención das autorizacións administrativas necesarias" e debía "afrontar as infraestruturas eléctricas que fosen precisas para o definitivo soterramento da liña eléctrica de alta tensión de Monte Porreiro". Segundo se informou daquela, a "Consellaría de Economía e Industria e a empresa constituirán unha comisión mixta para o seguimento do establecido no protocolo".

Deixando de lado a natureza propagandística do acto e a escasa sensibilidade institucional demostrada ao organizalo nun local municipal e non comunicalo nin invitar ao concello, do contido do citado protocolo parecía deducirse que a Xunta de Galicia acometerían conxuntamente a realización dos traballos pendentes.

Contra o que parecía deducirse do acordo, a Consellaría de Economía e Industria, remitiu ao concello de Pontevedra a unha convocatoria de subvencións, publicada no DOG o 12 de xuño de 2012, que ademais de ser claramente insuficiente para financiar a actuación pendente, establecía un prazos de xustificación do investimento (15 de novembro) materialmente imposíbeis de cumprir toda vez que o

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 11:32
Nº Rexistro: 4916
Data envio: 13/02/2017 11:32:45.642

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concello, unha vez coñecido o importe da subvención concedida, tería que acometer nun prazo extraordinariamente curto a operación de creto para cofinanciar as obras, aprobar o proxecto, contratalo, executar materialmente as obras e xustificalo mediante o pagamento das facturas.

Como consecuencia destes feitos, a día de hoxe segue sem estar rematado o proxecto de soterramento da liña eléctrica que atravesa o barrio de Monte Porreiro. Unha situación que ademais de supoñer o dispendio de recursos públicos xa investidos, supón o incumprimento dun compromiso adquirido polas administracións para darlle solución a um das demandas históricas do barrio.

Polo anteriormente exposto, e para dar remate ás obras xa iniciadas e financiadas integramente polo concello, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a asinar un novo convenio entre a consellaría de industria, Gas Natural Unión Fenosa e Concello de Pontevedra para financiar as obras correspondentes ás instalacións eléctricas pendentes do soterramento da liña de alta tensión de Monte Porreiro, valoradas en 1,1 millóns de euros".

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 11:32
Nº Rexistro: 4916
Data envio: 13/02/2017 11:32:45.642

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 13/02/2017 11:31:27

Ana Pontón Mondelo na data 13/02/2017 11:31:33

Olalla Rodil Fernández na data 13/02/2017 11:31:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/02/2017 11:31:41

María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2017 11:31:44

Noa Presas Bergantiños na data 13/02/2017 11:31:46

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 16.03.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.6 5470(10/PNC-000523)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre a demanda polo Goberno á empresa Telefónica-Movistar da habilitación dos sistemas técnicos necesarios para posibilitarlle a toda a cidadanía residente no concello de Baralla a conexión telefónica e o acceso a Internet

Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2017 16:55
Nº Rexistro: 5470
Data envio: 21/02/2017 16:55:44.936

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Concepción Burgo López** e dos seus deputados **Abel Losada Álvarez e Juan Manuel Pérez Seco,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Exposición de motivos

A pesar do continuo exercicio de publicidade e propaganda sobre a extensión das TIC´s no territorio da Comunidade Autónoma, e das inxentes cantidades de fondos que se destinan a apoiar esta extensión, a realidade, denunciada en moitas ocasións polo Grupo Socialista é que as zonas de sombra son aínda moitas en Galicia. E non só en zonas illadas do interior, senón en moitos casos en núcleos urbanos.

Así está a ocorrer no centro do núcleo urbano de Baralla (provincia de Lugo), onde varios veciños e veciñas solicitaron á empresa Telefónica-Movistar conexión telefónica e máis servizo de internet pero que non o conseguen xa que a empresa afirma que non conta con liñas suficientes e que tería que facer un investimentos que non lle resulta rendible.

O servizo telefónico e de internet é hoxe un servizo básico que debe estar asegurado, independentemente do custo ou beneficio para a empresa, máxime cando é nun núcleo urbano e cunha empresa que continuamente recibe subvencións públicas.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Comisión:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2017 16:55
Nº Rexistro: 5470
Data envio: 21/02/2017 16:55:44.936

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia que demande á empresa Telefónica-Movistar que dispoña os sistemas técnicos necesarios para que todos os veciños e veciñas residentes no concello de Baralla teñan a posibilidade de contar con conexión telefónica e Internet."

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 21/02/2017 16:49:08

Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/02/2017 16:49:18

Jóse Manuel Pérez Seco na data 21/02/2017 16:49:27

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/02/2017 16:49:32

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 16.03.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.7 5637(10/PNC-000540)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 8 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego das actuacións precisas para dotar de servizos de banda larga ultrarrápida aquelas empresas illadas, asentadas no medio rural, que se atopen en situación de desigualdade dixital fronte ás situadas en zonas máis urbanas

Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5637
Data envio: 23/02/2017 14:04:29.624

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, María Antón Vilasánchez, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira, Sandra Vázquez Domínguez, Paula Prado del Río** e **José González Vázquez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

Exposición de motivos

Debido ás características do tecido produtivo galego, moi disperso xeograficamente e no que predominan as pequenas empresas, existen certas barreiras á contratación de servizos de banda larga ultrarrápida, o cal deriva en problemas de competitividade e a perda gradual de oportunidades de emprego.

Unha problemática, que require da articulación de medidas específicas para a posta en marcha de actuacións que permitan dotar de servizos de banda larga ultrarrápida a aquelas empresas máis illadas situadas no rural, as cales se atopan en situación de desigualdade dixital fronte ás empresas das zonas máis urbanas.

É preciso lembrar que grazas ás actuacións de despregamento de redes de telecomunicacións desenvolvidas no marco Plan de Banda Larga 2010 – 2013 da Xunta de Galicia, conseguiuse que a práctica totalidade da poboación dispoña de cobertura de banda larga de cando menos 2Mbps e que a metade da poboación dispoña de cobertura de redes de nova xeración de máis de 100Mbps.

Non obstante, a rápida evolución das tecnoloxías fai preciso, ademais dunha cobertura universal, velocidades de banda larga moito máis elevadas para garantir o acceso a novos e cada vez máis sofisticados servizos dixitais, que posibiliten a mellora da competitividade das empresas destas áreas, un aspecto fundamental na innovación e o progreso do rural.

Por este motivo o Goberno galego puxo en marcha o Plan de Banda Larga de Galicia 2020, trátase dunha folla de ruta con medidas estruturadas en torno a tres itinerarios: innovación, eficiencia e intelixencia. Xa se está a levar a cabo a primeira das actuacións do Plan, coa que se dotará de redes de banda larga ultrarrápida a 81 polígonos industriais que non contan con cobertura nin previsión de dispoñer deste

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5637
Data envio: 23/02/2017 14:04:29.624

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

servizo. Deste xeito, no ano 2018, un total de 130 polígonos, nos que se concentra case o 93% da superficie empresarial ocupada, disporán de acceso a redes de máis de 100 Mbps .

Lonxe de conformarnos, desde o Grupo Parlamentario Popular queremos dar un paso máis na equiparación da calidade de vida entre o rural e as contornas urbanas, axudando na fixación de habitantes e empresas no medio rural.

Tendo en conta o anteriormente exposto o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia á posta en marcha de actuacións que permitan dotar de servizos de banda larga ultrarrápida a aquelas empresas illadas situadas no rural que se atopan en situación de desigualdade dixital fronte ás empresas das zonas máis urbanas".

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/02/2017 13:55:38

Moisés Blanco Paradelo na data 23/02/2017 13:55:52

Maria Antón Vilasánchez na data 23/02/2017 13:56:01

María Isabel Novo Fariña na data 23/02/2017 13:56:07

Marta Novoa Iglesias na data 23/02/2017 13:56:16

Cristina Isabel Romero Fernández na data 23/02/2017 13:56:24

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 23/02/2017 13:56:32

Sandra Vázquez Dominguez na data 23/02/2017 13:56:40

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5637
Data envio: 23/02/2017 14:04:29.624

Paula Prado Del Río na data 23/02/2017 13:56:50

José González Vázquez na data 23/02/2017 13:57:01

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com